



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Loxística Industrial	Código	771G01045	
Titulación	Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Domínguez Feijóo, Gerardo	Correo electrónico	g.dominguez@udc.es	
Profesorado	Domínguez Feijóo, Gerardo	Correo electrónico	g.dominguez@udc.es	
Web	https://moodle.udc.es/			
Descrición xeral	<p>Esta materia vén a complementar o contido doutras materias que están relacionadas directa ou indirectamente con aspectos económicos e de xestión empresarial do deseño.</p> <p>Como obxectivo principal desta está dotar o alumno daqueles coñecementos necesarios sobre a función da loxística na empresa que lle permita adquirir unha visión integral das políticas e técnicas máis actuais de cara a xestionar os fluxos de información e materiais nesta. Para iso, daranse a coñecer os principios básicos da loxística; as novas estratexias loxísticas que explican a evolución cara a un modelo integrador entre provedores e clientes; a xestión de compras, stocks...</p>			
Plan de continxencia	<p>11. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios nos contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>No suposto caso de que haxa que dar continuidade á actividade académica a través da non presencialidade, todos os alumnos matriculados na devandita modalidade, pasarán a seguir a materia en réxime non presencial. Para iso, habilitaranse os contidos e sesións previstas a través das plataformas do Campus Virtual da Universidade, de acordo en todo caso coas condicións que as posibles Resolucións Reitorais establezan en cada caso. Igualmente o sistema de avaliación neste caso será non presencial, polo que as presentacións, entregas de traballos e exames previstos serán non presenciais en calquera caso.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Non se modifican as metodoloxías, alén dos cambios indicados no apartado anterior.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Habilitaranse os contidos e sesións previstas a través das plataformas do Campus Virtual da Universidade, actualmente, Correo electrónico, Moodle, Teams, de acordo en todo caso coas condicións que as posibles Resolucións Reitorais establezan en cada caso.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non se realizarán cambios na avaliación da materia.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>O alumnado que non seguira a avaliación continua ao longo do cuatrimestre poderá presentarse á segunda oportunidade, na que se realizará unha proba mixta, sendo a nota final da materia o 80% da nota obtida nesta proba.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>A bibliografía será facilitada polo profesor o longo do curso</p>			



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Aplicar o coñecemento das diferentes áreas involucradas no Plano Formativo.
A4	Traballar de forma efectiva como individuo e como membro de equipos diversos e multidisciplinares.
A8	Capacidade de usar as técnicas, habilidades e ferramentas modernas para a práctica da enxeñaría.
A10	Comprensión das responsabilidades éticas e sociais derivadas da súa actividade profesional.
B1	Capacidade de comunicación oral e escrita de maneira efectiva con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo para cuestionar a realidade, buscar e propoñer solucións innovadoras a nivel formal, funcional e técnico.
B4	Traballar de forma colaborativa. Coñecer as dinámicas de grupo e o traballo en equipo.
B5	Resolver problemas de forma efectiva.
B7	Capacidade de liderado e para a toma de decisións.
B10	Capacidade de organización e planificación.
B12	Comprensión das responsabilidades éticas e sociais derivadas da súa actividade profesional
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
C7	Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Traballar de forma colaboradora coas diferentes áreas da empresa implicadas no proceso de deseño e desenvolvemento do produto, cara a xestionar os fluxos de materiais e información nesta.	A1 A4 A8 A10	B1 B2 B4 B5 B7 B10 B12

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Conceptos previos sobre a empresa	Definición de empresa. Funcións da empresa. Tipos de empresas. Organización interna dunha empresa. O proceso de dirección dunha empresa. A produtividade nunha empresa.
2. Conceptos previos entorno á loxística	O ámbito socioeconómico actual. Novos conceptos e novo enfoque. Evolución do concepto de loxística. A loxística no organigrama empresarial. A cadea ou rede loxística: os fluxos de materiais e produtos. Definición de loxística integral. Cadea de valor engadido. Os custos loxísticos.
3. Xestión de aprovisionamietos e compras	A función de aprovisionamento. A función de compras. Busca e selección de provedores. Control e avaliación de provedores. Negociación de compras.
4. A xestión de Stocks	Aspectos xerais da xestión de stocks. Clasificación operativa e funcional dos stocks. Concepto de rotación e cobertura. Cálculo da norma de stocks e tipos de stocks. Custos de stocks. Sistemas de reposición de stocks. Control de inventarios.
5. Organización e xestión de almacéns, distribución interna da mercadoría.	Xestión de almacéns. Zonificación de almacéns. Automatización. Preparación de pedidos. Manipulación e elementos técnicos.



6. Expedición e entrega de mercadorías. Xestión do transporte.	Distribución física e nivel de servizo: Distribución física. Unidades distribución. Planificación da distribución. Estratexias de distribución. Nivel de servizo. Tendencias de distribución. Programación de itinerarios e vehículos: Organización e transporte de mercadorías. Tipos de vehículos. Planificación de rutas. Programación de vehículos. Sistemas de carga e descarga. Control cadea de distribución. Custos de distribución.
7.O Just in Time na loxística	Planificación xusto a tempo. Nivelado da produción. Sistema kamban. Redución de tempos de preparación e fabricación. Adaptación á demanda mediante flexibilidade. Control autónomo de defectos. Beneficios da implantación J.I.T.
8. Comercio electrónico e loxística.	Sistemas de información. Redes e internet. Comercio electrónico e intranets. Novas oportunidades con tecnoloxía. Planificación de recursos empresariais (ERP). Tecnoloxías no tracking. Os sistemas RFID. O EDI. Principais elementos dun sitio electrónico de venda. Ciclo integral de abastecemento electrónico.
9. O papel dos evases e embalaxes na función loxística.	Definicións e funcións. Clasificación. Criterios de selección. Identificación. Deseño. Maquinaria empregada para envases e embalaxes.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A10 B10 B12 C4 C5 C6 C7	41	82	123
Traballos tutelados	A4 B1 B2 B4 B7 C5 C8	0	23	23
Proba mixta	A8 B2 B5 C6	1	0	1
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral, dos contidos da materia, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Os alumnos realizarán o longo do curso, polo menos un traballo tutelado.
Proba mixta	Proba tipo test, proba obxectiva que consiste en formular una cuestión en forma de pregunta directa o afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só una delas é válida.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Traballos tutelados	A atención personalizada consistirá basicamente na realización de tutorías, tanto individuais como en grupo, para resolver e aclarar calquer tipo de dúbida relacionada coa materia e a realización dos traballos tutelados. tanto de forma presencial como non presencial a través das plataformas do Campus Virtual da Universidade,

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A8 B2 B5 C6	Proba tipo test	70



Traballos tutelados	A4 B1 B2 B4 B7 C5 C8	Farase un traballo ao longo do curso, a decidir entre o profesor e os alumnos, podendo ser grupal ou individual, segundo a dinámica do curso ese ano.	30
Outros			

Observacións avaliación

O ?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia? comunicarán ó inicio do curso a súa situación os profesores da materia, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC? (Art.3.b e 4.5) e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Art. 3 e 8b).

O alumnado nesta situación será evaluado na data aprobada na Xunta de Escola, mediante una proba obxectiva sobre os contidos do paso 3 da Guía, e un traballo a consensuar cos profesores da materia.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Ronald H. Ballou (2004). Logística. Administración de la cadena de suministro. . - Bureau Veritas formación (2011). Logística Integral. Fundación Confemetal MIT OpenCourseWare. Logistics Systems. http://ocw.mit.edu/courses/engineering-systems-division/esd-260j-logistics-systems-fall-2006/ (Visita: 31/08/2010).MIT OpenCourseWare. Logistics Systems. http://ocw.mit.edu/courses/engineering-systems-division/esd-260j-logistics-systems-fall-2006/ (Visita: 31/08/2010).
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Normativa e Lexislación/771G01035

Materias que continúan o temario

Proxecto Fin de Grao/771G01027

Aspectos Económicos e Empresariais do Deseño/771G01033

Xestión da Calidade/771G01044

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos1.3. De se realizar en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías